

# COMO SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA UN ADIANTO DA PRESTACIÓN DOS ERTES AUTORIZADOS

## BENEFICIARIOS

Persoas traballadoras cuxas empresas teñen un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) autorizado e comunicado ao Goberno pola Xunta de Galicia e ás que o Estado non lles pagou a súa prestación.

### PASO 1

#### CONTACTO COA EMPRESA

A persoa traballadora ponse en contacto coa súa empresa para o **inicio da tramitación** da solicitude.



### PASO 2

#### SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA

A empresa comunica, a través dun sinxelo formulario da sede electrónica da Xunta de Galicia ([sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal)), os datos necesarios daquelas persoas do seu cadro de persoal incluídas nun ERTE que precisan o adianto.

Poderá facer **máis solicitudes** para comunicar datos de novas persoas interesadas.



### PASO 3

#### COMUNICACIÓN POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia realiza as verificacións oportunas e, **nun prazo máximo de 24 horas**, remite a información das operacións validadas a cada unha das entidades financeiras.

A empresa recibirá un **correo electrónico de confirmación** no momento no que se realice dito envío.



### PASO 4

#### AUTORIZACIÓN

As entidades financeiras comprobán que a solicitude é correcta e informan ao cliente da **autorización** do anticipo.



### PASO 5

#### INGRESO DO ANTICIPO

Formalización do acordo co cliente e **posta a disposición do anticipo para o seu cobro: ata 1.500 euros, cun máximo de 750 euros ao mes.**



**SEN XUROS NIN COMISIÓNS**